



MEMORIA XUSTIFICATIVA

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO E O CONCELLO DE MAÑÓN PARA A REURBANIZACIÓN DE VIARIOS NA ZONA DE MOGOR (O BARQUEIRO)

1.- Competencia

Esta consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, en virtude do establecido no apartado m) do artigo 10º.1 do Decreto 167/2015, do 13 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería, ten atribuída a competencia para a realización de actuacións de mellora de contornas urbanas, de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas e de equipamentos públicos que teñan por finalidade a revitalización do territorio e o reequilibrio territorial.

2.- Antecedentes

A colaboración entre este departamento e o concello de Mañón, enmárcase na continuada colaboración entre a Consellería e as entidades locais da Comunidade Autónoma para a execución de obras e outras actuacións en materia de urbanismo. Para elo, nos orzamentos da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio para o ano 2018 figura consignación orzamentaria adecuada para acometer a actuación obxecto do acordo.

3.-Finalidade

A actuación, pola súa finalidade, forma parte dunha das principais liñas de acción da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.

Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar co concello de Mañón o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data de sinatura do convenio 31 de decembro de 2018.

4.- Obxecto

O obxecto do presente convenio é establecer as bases de colaboración e cooperación técnica e económica entre a Xunta de Galicia e o concello de Mañón, que permitan acometer e incorporar ao patrimonio público municipal as obras consistentes na **“Reurbanización de viarios na zona de Mogor (O Barqueiro)”**.

5.- Fundamentos do instrumento convencional

O Concello de Mañón (Ourense) trata de promover unha actuación consistente na **“Reurbanización de viarios na zona de Mogor (O Barqueiro)”**.





Pretendese a mellora da plataforma de rodaxe, mediante a aplicación dunha capa de aglomerado en quente, de cinco centímetros de espesor en todo o ámbito da actuación, previa reparación de fochancas e perfilado de mordentes con grava e tratamento asfáltico semiprofundo.

A actuación realizarase nas seguintes rúas:

- Rúa principal de 384 metros de lonxitude.
- Rúa transversal de 120 metros de lonxitude e 4,00 metros de ancho.

Previo a execución do pavimento preténdese a canalización de 70 metros de tubaxe de PVC de 250 milímetros de diámetro e execución de 2 pozos de rexistro en calzada, para saneamento, previa escavación de gabia e posterior recheo compactado da mesma.

Finalmente contémplase o desbroce e limpeza de bordes para o correcto drenaxe, a sinalización horizontal con pintado de liñas en bordes e símbolos e a instalación de mobiliario urbano con colocación de tres bancos de pedra e tres papeleiras con cuba de aceiro galvanizado e revestimento exterior de madeira tratada, así como unha partida para adaptación de pozos e arquetas á nova rasante.

Polo exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o devandito acordo fora do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, con independencia de que, de acordo co previsto no artigo 4 da devandita norma, lle sexan de aplicación os principios desta Lei para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.

Para a tramitación do convenio, tense observado o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Santiago de Compostela, María Encarnación Rivas Díaz, Directora Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo. Documento asinado dixitalmente

